

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE INSCRICIÓN NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN PARA ADULTOS E MOCIDADE 2026

ARTIGO 1. OBXECTO DE APLICACIÓN

Convocatoria pública pola que se ofertan prazas para as actividades deportivas de verán do programa **MoVernos no Verán 2026**.

ARTIGO 2. PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán inscribirse as persoas nadas antes do 2015. As persoas menores de idade poderán asistir con autorización previa dos representantes legais.

ARTIGO 3. CALENDARIO

As actividades deportivas darán comezo o **15 de xuño do 2026** e rematarán o **15 de setembro do 2026**. Non se impartirá actividade cando os días das clases coincidan en días non laborais por mor das festividades declaradas a nivel nacional, autonómica ou local, non sendo recuperables noutros días.

ARTIGO 4. OFERTA DEPORTIVA.

A oferta de MoVernos no Verán 2026 inclúe clases de **Espalda Saudable, Pilates, Ximnasia de mantemento, Ioga Vivo e Suave e Zumba**. Un total de 7 clases semanais cunha duración de 60 minutos, repartidas entre as localidades de San Cosme (SC), San Miguel de Reinante (SM) e o Pavillón Polideportivo Municipal (PV).

4.1. Horario, grupos e prazas ofertadas.

Na táboa seguinte preséntase as 7 clases ofertadas, o horario das mesmo e as prazas máximas e as mínimas esixidas por mes ou quincena. De non adxudicar o número mínimo de prazas esixidas en cada grupo este non se ofertará, e no caso de que este requisito non se cumpra nalgún mes/quincena ao logo da temporalidade do programa o Concello poderá suspender a oferta da clase.

DÍA	LOCAL.	ACTIVIDADE	HORA	DURACIÓN	Máx. prazas	Mín. Prazas
LUNS	SC	XIMNASIA MANTEMENTO	10:30 H	15 xuñ. ao 15 set.	16	5
	SM	IOGA SUAVE	19:00 H.	15 xuñ. ao 15 set.	16	5
MARTES	SM	PILATES	10:30 H.	15 xuñ. ao 15 set.	14	5
	SC (PV)	ZUMBA	20:00 H.	15 xuñ. ao 15 set.	20	5
MERCORES	SM	XIMNASIA MANTEMENTO	10:30 H.	15 xuñ. ao 15 set.	16	5
	SC	IOGA VIVO	20:00 H.	15 xuñ. ao 15 set.	16	5
XOVES	SC	PILATES	19:00 H.	15 xuñ. ao 15 set.	14	5
	SM	ESPALDA SAUDABLE	20:30 H.	15 xuñ. ao 15 set.	16	5

Atendendo á demanda solicitada o Concello podería valorar o desdobre dalgún grupo das actividades sempre que polo menos se cumpran cos mínimos esixidos. MAR

5. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN.

5.1. Adxudicación das prazas ofertadas e prazas en lista de agarda.

O sistema de adxudicación das prazas ofertadas será **por orde rigorosa de presentación** da solicitude e documentación requirida para a inscrición, no rexistro presencial ou telemático.

A **solicitude de reserva de praza** debe ser cuberta pola persoa interesada e polo persoal municipal responsable deste procedemento, en tanto este indicará nela o número de praza que se lle adxudica na actividade de interese ou na súa lista de agarda. En ningún caso, as prazas serán determinadas nas solicitudes polas persoas interesadas.

As prazas serán **reservadas provisionalmente ata as 15:00h. do mesmo día** no que o persoal responsable as adxudica. Ata dita hora a persoa interesada terá que presentar a solicitude e documentación ante rexistro para consolidar a súa praza na actividade de forma definitiva. De non tramitarse en prazo, a praza quedará vacante a partires do día laboral seguinte.

No caso de **presentación en liña**, a persoa interesada terá que consultar co persoal responsable do procedemento a dispoñibilidade de prazas libres nas actividades de interese. O responsable indicarlle o número de praza que ocupa na actividade ou na lista de agarda, e que debe indicar na solicitude a presentar. **Dita praza bloquearase ata as 15:00h do mesmo día no que se fai a consulta**, prazo no cal se debe facer efectiva a presentación da solicitude e documentación requirida. De non facerse o trámite en prazo, desbloquearase a praza quedando vacante ao día laboral seguinte.

5.2. Chamamentos das listas de agarda.

Cando unha praza quede vacante nos grupos, farase chamamento telefónico único pola orde rigorosa da lista de agarda. No caso de aceptar a praza, a persoa terá que presentar mediante rexistro toda documentación requirida **ante das 15:00h do día laboral seguinte ao chamamento**. De non ser o caso a praza quedará baleira e pasarase a facer chamamento pola orde da lista.

5.3. Presentación de solicitudes de inscrición.

As solicitudes de inscrición nas actividades deportivas deberán **formalizarse segundo o modelo oficial** que figura como Anexo I a estas bases. Nelas, as persoas deberán manifestar que reúnen as condicións esixidas nesta convocatoria para cada prazo de presentación e para a bonificación da tarifa, no caso de estar empadroada neste Concello.

Xunto coa solicitude (Anexo I) as persoas deberán **achegar o xustificante do pago único das actividades inscritas**.

Os **medios** polos cales se poden presentar as solicitudes son os seguintes:

- De maneira presencial: Na oficina de rexistro do Concello de Barreiros ou por calquera outros medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- De maneira telemática: a través do Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Barreiros.

Non se admitirán aquelas solicitudes que cheguen por outras vías, que non respecten a forma do modelo oficial ou que se formalicen sen ter previamente confirmada a adxudicación da praza polo persoal responsable do procedemento.

5.4. Prazos e publicacións de prazos.

Os prazos para a presentación das solicitudes iniciaranse o día seguinte á publicación destas bases no taboleiro de anuncios do Concello ou na súa Sede Electrónica.

- 1º PRAZO (PERSOAS EMPADRONADAS): Dende o día da publicación destas bases **ata o martes 26 de maio ás 15:00h.**
- 2º PRAZO (ACCESO LIBRE): a partir das 8:30h. do **luns 01 de xuño.**

O **mércores 27 de maio** sairá publicada a **lista de prazos vacantes** tralo primeiro prazo de inscrición. Ante a lista publicada poderase presentar alegación o xoves 28 e venres 29 maio do 2026.

As publicacións relativas a esta convocatoria faranse públicas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, <https://concellodebarreiros.gal/es>. Poderase obter máis información nos teléfonos de información 680 913 904 ou 982 12 40 02.

6. TAXAS E DEVOLUCIÓNS.

O pago das actividades inscristas farase mediante o abono no número de conta municipal **ES55 2080 0142 9031 1000 0019** de **ABANCA** especificando no **CONCEPTO**: Nome das actividades + mes/meses do pago + DNI da persoa inscrita. (Ex. *PILATES, Xuño e xullo, 24526558-d*)

As tarifas das actividades son as seguintes.

CLASES	EMPADROADO/A	NON EMPADROADO/A
1 clase á semana	15€/mes	20€/mes
Cada clase a maiores	10€/mes	15€/mes

Non serán reembolsables as contías abonadas para as actividades dos meses de xuño e xullo do 2026. Só se reembolsarán as contías das actividades pagadas para ao mes de agosto e a quincena de setembro sempre que se solicite a súa baixa en prazo. Non se realizarán devolucións parciais de mensualidades. O ingreso das devolucións será abonado no **número de conta bancaria indicada na solicitude de baixa.**

7. COMUNICACIÓN DE BAIXAS.

O prazo para presentar as baixas será durante o mes natural de **xullo do 2026**. A persoa interesada presentará a súa baixa mediante os seguintes medios habilitados:

- De maneira presencial: Na oficina de rexistro do Concello de Barreiros ou por calquera outros medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- De maneira telemática: a través do Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Barreiros.

Non se admitirán aquelas solicitudes que cheguen por outras vías ou fóra de prazo.